

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 26 de xullo de 2021 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3.- Determinación dos festivos locais no termo municipal de Carballo para o ano 2022. Aprobación. (CIBPS de 20/07/2021).

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar e Participación Social do 20/07/2021, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Alcalde de 08/07/2021, contida no expediente 2021/X999/001036.

Sen debate e sometido o asunto a votación, por unanimidade dos seus membros (21), o Pleno da Corporación Municipal acorda:

Primeiro.- Sinalar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Carballo para o ano 2022, **os días 1 de marzo e 25 de xuño de 2022**, Martes de Entroido e Festas Patronais de San Xoán Bautista, respectivamente.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.”

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde